



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.gal

ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

Resolución de Alcaldía núm. 2019/0214 do Concello de Valga pola se designan os Tenentes de Alcalde do concello de Valga.

Texto:

VISTA a celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e logo de proceder o día 15 de xuño de 2019 á constitución da nova Corporación Local.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2, 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os artigos 62 e 63 da Lei 5/97, 22 de xullo, Administración local de Galicia e os artigos 46 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

VISTO o regulamento orgánico municipal (aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación na Sesión Ordinaria realizada o día 5 de xuño de 2017, BOP nº 114 de 15 de xuño de 2017);

RESOLVO

PRIMEIRO. Designar como Tenentes de Alcalde do Concello de Valga aos/as seguintes Concelleiros/as:

ROMÁN CASTRO CASTROMÁN

CARMEN GÓMEZ PARDAL

JOSÉ ÁNGEL SOUTO JAMARDO

AGUSTINA BEGOÑA PIÑEIRO BUSTO

Aos/as Tenentes de Alcalde nomeados/as, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a tales, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO. Notificar persoalmente a presente resolución aos/as designados/as, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.

José María Bello Maneiro (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data de Sinalatura: 04/07/2019
HASH: 2bd73989928e4892af946ec34ddaec0cb



Cod. Validación: 57S1H9XAQ2PCJYQ3Q4SRPQPYHE | Corrección: <http://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.gal

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.valga.gal.

TERCEIRO. Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O Alcalde,



Cod. Validación: 57S+9XAQ2PCJYQ3QMSRPOPYHE | Corrección: <http://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2